



Premio de Poesía **Filomena Dato**

Un

O concello de Bergondo convoca a **primeira edición do Premio de Poesía Filomena Dato**.

Dous

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores maiores de idade, de calquera nacionalidade, sempre que o orixinal que presenten estea escrito **en lingua galega**.

Tres

Fíxase un **premio único de 2000 euros**. Sobre a contía do premio serán aplicadas as retencións oportunas.

Catro

Os traballos cunha **extensión mínima de 500 versos**, serán orixinais, inéditos e non premiados noutros concursos no momento das deliberacións do xurado. As autoras e autores responsabilízanse de lle comunicar á organización, dun xeito inmediato, a concesión doutros premios acadados a partir da remisión dos orixinais.

Cinco

Os traballos presentaranse por cuádruplicado, mecanografados con dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e paxinación numerada. Cada copia dos traballos presentarase cunha capa na que figuren o título da obra e o lema ou alcume da autora ou autor, coincidindo no exterior co sobrepechado que debe acompañar á obra. A plica conterá no interior o nome e apelidos da autora/ autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve currículo que incida na súa traxectoria literaria se a houbese.

Seis

As obras presentaranse na **Casa da Cultura, Concello de Bergondo (oficinas administrativas) Estrada da Coruña 12 - 15165**. O prazo de admisión de orixinais estará aberto **ata o 15 de abril de 2020**.

Sete

As deliberacións do xurado son secretas. A súa decisión farase pública no mes de maio e o acto de entrega do premio terá lugar antes do 31 de maio de 2020, acto no que se contará coa presenza da autora ou autor. O xurado pode declarar deserto o premio.

Oito

O xurado estará presidido pola alcaldesa do Concello de Bergondo, ou persoa na que delegue, e estará formado por outros tres membros, cuxa identidade será revelada o día do fallo do galardón.

Nove

O orixinal gañador xunto co nome e apelidos da autora ou autor darase a coñecer aos medios despois do fallo.

Dez

A obra premiada será propiedade da súa autora ou autor, agás a primeira edición que publicará o selo editorial Apiario, e presentarase coincidindo co fallo do ano seguinte. En posteriores edicións farase constar a condición de premiada no I Premio de Poesía Filomena Dato. Concello de Bergondo.